



## ESCRITO SOBRE RECORTES EDUCATIVOS

O dereito á educación é un dereito humano recoñecido, entendéndoo como o dereito á educación primaria gratuíta obrigatoria para toda/o cidadá/n, unha obriga a desenvolver unha educación secundaria accesible para todas/os nenas/os, como tamén un acceso equitativo a unha educación superior e, unha responsabilidade de proveer educación básica ás crianzas que non completaran e ensino primario.

Na actualidade, o ensino español está rexido pola LOMCE, que recolle como principios da educación, entre outros:

- A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade.
- A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.

Que está a suceder na actualidade? Estase a garantir a calidade do ensino? A equidade está presente no sistema educativo? As circunstancias do alumnado téñense realmente en conta? Adáptase a educación aos cambios que experimenta a sociedade?

O certo é que curso tras curso a situación vaise complicando. Os recortes que a Administración aplica no ensino teñen repercusións para o alumnado, para as familias, para o profesorado, para a sociedade. A educación estase a considerar un gasto, non unha inversión, e iso faise notar na xestión do sistema.

Para lograr un ensino de calidade é necesario que os centros educativos estean dotados dos recursos materiais, económicos e persoais necesarios para desenvolver a labor educativa nas mellores condicións e, así ofrecer ao alumnado todas as posibilidades existentes.

É unha realidade o descenso de alumnado debido ao descenso na natalidade. No canto de aproveitar esta circunstancia, esta estase a converter na escusa perfecta para pechar unidades, centros e ir reducindo o cadro de profesorado. Isto déixase notar máis nos centros pequenos e no alumando NEAE, xa que os recortes danse, sobre todo, en docentes especialistas en PT e AL.

Isto tradúcese nunha deficiente atención ao alumnado NEAE, nunha falsa inclusión e nunha calidade de traballo precaria, dados os insuficientes medios e apoios polo que non dan atendido de maneira axeitada ao alumnado que o precisa, a pesares do esforzo dos mestres e das mestras.

Como se poden aproveitar as circunstancias actuais de baixa natalidade?



1. Baixada de ratios: na actualidade, as ratios están establecidas nun máximo de 25 nenos/as en infantil e primaria, en 30 en ESO e 35 en bacharelato. Dentro destas ratios non se contabiliza o alumnado repetidor, é dicir, se un/ha neno/a repite curso, este/a non se conta, polo que pode haber, por exemplo, en primaria 26 ou 27 alumnos/as. Ademais, o alumnado NEAE computa como calquera outro, obviando as súas necesidades.
2. Aproveitar as instalacións dos CEIP con pouco alumnado para convertelos nun CPI, usando as instalacións para impartir cursos do ensino secundario.
3. Concertos educativos: estes naceron coa LOGSE co obxectivo de dar cabida ao alumnado que non podía entrar no ensino público por falta de prazas. Así, neste momento non teñen sentido xa que, neste intre, hai prazas libres no ensino público. Polo tanto, hai que ir eliminando estes concertos educativos.